

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de xuño de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día doce de xuño de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(811).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(812).- NULIDADE DO CONCURSO CONVOCADO PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO E VIXILANCIA NOS AREAIS 2009.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe do servizo de Medio Ambiente, de data 12-06-2009, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente:

“O 13 de febreiro de 2009 iniciouse polo servizo de Medio Ambiente o presente expediente para a “Contratación do Servizo de Salvamento e Socorrismo nos areas do Concello de Vigo”.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de maio de 2009 adoptouse o seguinte acordo:

1- Convalidar e confirma-las actuacións preparatorias practicadas no expediente 6232-306, confirmando ó orde de inicio do expediente asinada pola concelleira de Medio Ambiente de 13-02-2009.

2- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 6232-306 para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo polas causas expostas no fundamento sétimo da parte expositiva de este informe.

3- Aproba-lo gasto de 400,000 euros para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo que se imputarán a partida 453.3.227.01.00 dos presupostos dos anos 2009 e 2010.

4- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 13-03-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 24-04-2009.

5- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

En data 25 de maio de 2009 o 25 de maio de 2009 o Rexistro Xeral certifico a presentación das seguintes ofertas dentro do prazo concedido: Transgalaica SL, Servicios Securitas SA, Sport & Salvamento, SLU, Preventium (Adecco Medical & Science), Esproade SL.

O día 29 de maio a Mesa de Contratación, a vista dos incidentes detectados no expediente, por unanimidade dos asistentes a mesa acordou propoñer á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1- Declarar a nulidade do procedemento aberto tramitado para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo (expte 6232-306) por quebrartarse o secreto de dous proposicións presentadas ó concurso.

2- Iniciar un novo procedemento aberto con tramitación de urxencia para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo, mantendo os pregos de condicións aprobados o 11 d3e mailo de 2009 coas seguintes modificacións.

O prezo do contrato establececese en 163.520 euros (IVE incluído) financiado con cargo ó presuposto do ano 2009.

O prazo de execución será unicamente o ano 2009, iniciandose a prestación do servizo o día 06/07/2009 e rematado o 13/09/2009 sen posibilidade de prorrogar o contrato.

Non habera revisión de prezos.

Trasladado no día de hoxe o expediente a este servizo, con fin de poder iniciar un novo procedemento para a prestación do devandito servizo e dadas a circunstancias que concorren no mesmo, PROPONSE a Xunta de Goberno Local que, tralos trámites que procedan, se adopte o seguinte ACORDO:

1- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2009. coa conseguinte anulación do expediente e da autorización de gasto aprobada.

2- Se realicen o mais asiña posible os trámites precisos para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo no período de baño previsto.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(813).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO E VILIXANCIA NOS AREAIS 2009. EXPTE. 6478/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente de data 05-06-2009, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, e informado xuridicamente o 11-06-2009 polo titular da Asesoría Xurídica, así como pola Intervención Xeral o 12-06-2009,

“En data 13 de febreiro do presente ano e co número de expte 6232/306 iniciouse polo servizo de Medio Ambiente o “Contrato Maior da prestación do servizo de Salvamento e Socorrismo en determinados areas de Vigo”.

En data 11 de maio de 2009 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente (6332/306) de contratación por procedemento aberto do servizo de salvamento e socorrismo por 2 anos prorrogables por outros dous, conforme aos pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares cos criterios obrantes no expediente.

En data 15 de maio de 2009 iniciouse o procedemento aberto de licitación coa publicación dos correspondentes anuncios no Boletín Oficial de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.

Contituída a mesa de contratación o día 26 de maio de 2009 coa calificación da documentación administrativa das empresas licitantes, en data 29 de maio de 2009 reunida a mesa de contratación se informa a incidencia cos sobres de documentación técnica e económica prestados ao procedemento aberto, consistente na apertura dos sobres de dúas das empresas presentadas que invalida o procedemento en curso, polo que a mesa propón á Xunta de Goberno Local a declaración da súa nulidade e coa posibilidade dun procedemento alternativo para adxudicación deste servizo.

Tralas conversas entre a Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e representantes da Cruz Vermella en Vigo para acadar unha solución urxente e menos gravosa para o Concello que

permita prestar o servizo de socorrismo nos areas dende o vindeiro 13 de xuño ata o 13 de setembro deste ano, con data 10 de xuño a concelleira asina orde de servizo para o oportuno informe e trámite dun “CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO E VIXILANCIA NOS AREAIS 2009” que se achega.

A tramitación e sinatura desta proposta de Convenio de Colaboración está subordinada á previa anulación do procedemento de contratación aberto e retrocesión, se procede das actuacións administrativas e contables iniciadas no mesmo.

Os Concellos teñen encomendada a vixilancia das zonas de baño e a prestación dos servizos precisos para a seguridade das vidas humanas nelas, o que supón a necesidade de dispor de medios materiais e persoais axeitados para cubrir a prestación deste servizo no periodo estival artellado a traveso das actividades coordinadas de diversas entidades como Policía Local, Protección Civil ou Cruz Vermella.

A tal efecto a situación sobrevida da nulidade do procedemento aberto dun contrato para prestación do servizo de salvamento e socorrismo en nove areas de Vigo, fai necesario acometer unha solución alternativo que permita asegurar a prestación deste servizo sen que se deriven riscos para os usuarios nas praias de afluencia masiva, dada a carencia de medios propios no Concello, a súa temporalidade e a proximidade das datas para o inicio da tempada.

A este respecto o texto do Convenio achegado responde de xeito satisfactorio ás necesidades estimadas, xa que amplía o número de horas e os medios inicialmente previstos polo Concello como mínimos para a prestación do servizo nos areas de: Samil, Rodas (Illas cies), O Vao, Tombo do Gato, Canido, Argazada, A punta, Fontaiña e Fortiñon.

O presuposto municipal dispón de crédito suficiente para atender o importe da achega económica prevista de 191.448,26 euros (cento noventa e un mil catrocentos corenta e oito euros con vinte e seis céntimos) con cargo ao concepto de “Vixianza en praias” na partida 4533.227.01.00.

Polo exposto, e trala anulación do procedemento de contratación aberto do expediente 6232/306, según proposta de data 29 de maio da mesa de contratación, previo aos informes preceptivos de Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal propónse o seguinte:

ACORDO

Aprobar o texto do “CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO E VIXILANCIA NOS AREAIS 2009”

Autorizar o gasto con cargo a partida 4533.227.01.00 “Vixianza de praias” por importe de 191.448,26 euros (cento noventa e un mil catrocentos corenta e oito euros con vinte e seis céntimos) como achega económica do Concello de Vigo a favor de Cruz Vermella Española.

O presente convenio surtirá efectos a partires da data da súa sinatura, nas condicións e prazo previsto no texto aprobado”

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O
SERVIZO DE SOCORRISMO E VIXILANCIA NOS AREAIS 2009

En Vigo a de xuño de 2009.

REUNIDOS:

Dunha parte:

D. Abel Caballero Alvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, nomeado por acordo plenario de data 16 de xuño de 2007, e en representación deste, segundo dispón o artigo 124.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

D^a. M^a Teresa Alvarez Quicler, presidenta do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 9 de outubro de 2007 do presidente do Comité Provincial, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración en accións de benestar social e de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social; a prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias; a cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercizo de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais da cidade de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación do areal, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).

QUINTO: Que a Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello de Vigo para a organización e prestación do servizo de socorrismo e vixilancia nos areais do término municipal, para o que ofrece a posta a disposición desta Administración Local a infraestrutura e os recursos cos que conta.

SEXTO: Que, non obstante, a prestación deste servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, habida conta os gastos necesarios que conleva, como son os do persoal preciso voluntario e non voluntario, a amortización e mantemento do material ou a reposición do material fuxible entroutros.

SÉTIMO: Que o Concello de Vigo, pola súa parte, está disposto a realizar as achegas dinerarias precisas para facer fronte aos ditos gastos necesarios.

Con estos antecedentes ambas partes formalizan, de mutuo acordo, o presente convenio de colaboración para organizar e prestar os servizos de socorrismo e vixilancia nos areais da cidade, nos termos que seguen:

PRIMEIRO: Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto articula-la colaboración entre o Concello de Vigo e a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, para organizar e prestar o servizo de socorrismo e vixilancia nos areais de Samil, Rodas (Illas Cíes), O Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada, A Punta en Teis, Fontaiña e Fortiñón, durante a época estival do presente ano. (13 de Xuño a 13 de Setembro), nos horarios que se detallan no anexo II e nos termos das súas cláusulas deste convenio.

O servizo consistirá no control, prevención, vixilancia, e se fora o caso a intervención nos rescates das situacións de risco que poidan derivarse para os/as usuarios/as das praias, tanto nos propios areais como na franxa costeira de baño (aproximadamente ata o balizamento ou 200 metros da beira). A Cruz Vermella organizará os seus servizos tendo en conta a actuación nos areais e franxas costeiras doutras entidades como Protección Civil (responsable da vixilancia e actuación no mar con embarcacións e persoal propio).

SEGUNDO: Persoal

Para o desenvolvemento das actividades e servizos descritos no apartado primeiro, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella deberá destinar ás mesmas como mínimo vinte socorristas acuáticos, coa distribución de dous socorristas por posto, durante toda a xornada determinada no anexo II do presente convenio.

TERCEIRO: Cualificación do persoal

A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación en materia de Salvamento Acuático, socorrismo e Primeiros Auxilios baixo calquera das modalidades recoñecidas

e expedidos por calquera das entidades competentes (Cruz Vermella, Fundación IDISSA, Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, Universidades, ou entidades equivalentes). As denominacións destas certificacións corresponderán ás aceptadas actualmente no eido laboral (“Socorrista en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios”, “Socorrista en Instalacións e Espazos Acuáticos Naturais”).

CUARTO: Tarefas dos socorristas acuáticos.

-Controlar, supervisar e percorrer a zona de baño e o areal, estando pendente en todo momento dos riscos potenciais para os usuarios e bañistas; tendo en conta que o seu campo de responsabilidade primordial será o do areal asignado máis a primeira franxa de auga onde se atopan os bañistas. Nas praias limitadas por balizas flotantes éste será o límite de actuación prioritaria na auga.

- -Izar e arriar a bandeira de sinalización do estado da mar, previa consulta co técnico coordinador do servizo, e no seu caso, das bandeiras azuis onde corresponda.*
- -Comprobar e manter nun correcto estado de uso o material e medios dos que dispón para realizar as súas tarefas.*
- -Vixiar as actividades dos usuarios da zona de baño, prestando unha atención especial aos bañistas que se atopan nas inmediacións da beira do areal.*
- -Esixir o cumprimento da normativa aplicable a todas as persoas en coordinación coas demais entidades implicadas e a Policía Local.*
- -Facer respectar a prohibición de que as embarcacións a motor e practicantes de vela, esquí acuático, surf, ou outras actividades similares circulen de xeito ilegal ou poñendo en perigo aos usuarios que se atopan nas zonas de baño e a prescrición de que fagan as súas entradas e saídas polas canles destinadas a tal fin.*
- -Manter a zona destinada ao baño totalmente libre de animais e de obxectos que poidan presentar riscos para os bañistas, dando conta inmediata á autoridade competente.*
- -Realizar os rescates na auga coa dilixencia, eficacia e seguridade posible coa axuda das equipas ou medios de prevención ou actuación do areal ou se fora o caso, doutros alleos ao servizo.*
- -Controlar ao público en situacións de rescate, en coordinación cos axentes e equipos implicados na seguridade dos areais.*
- -Avisar das emerxencias e practicar os primeiros auxilios no caso de ser necesario.*
- -Comunicación ao técnico coordinador do servizo de calquera incidencia con respecto ao estado das praias.*
- -Calquera outra tafera recollida nos puntos anteriores e seguintes deste convenio.*

QUINTO: Bandeira Azul

A Cruz Vermella farase responsable ademais das seguintes tarefas vencelladas coa Bandeira Azul:

- -Sendo a concesión da Bandeira Azul un galardón de recoñecemento único para o areal, deberá garantir a súa colocación, conservación, e uso adecuado e evitar calquera acto vandálico.
- -Diariamente deberá izar a bandeira azul no areal conforme aos criterios esixidos, ao inicio do servizo, e retirala e gardala en condicións axeitadas á súa finalización.
- -Deberá comunicar de xeito inmediato á Concellería de Medio Ambiente e ao técnico coordinador do servizo calquera incidente que afecte directamente á colocación do galardón.
- -Devolverá en correcto estado todas as bandeiras dos areais á Concellería de Medio Ambiente unha vez finalizado o período de prestación do servizo, e nunca máis tarde do 30 de Setembro do ano en curso.

SEXTO: Datas e horarios mínimos de prestación do servizo

Conforme ao establecido na cláusula primeira deste convenio, para o ano 2009 o servizo de salvamento, socorrismo e vixilancia nos areais de Vigo prestarase dende o día 13 de Xuño ao 13 de Setembro en días laborables de luns a venres (64 días), fins de semana e festivos (29 días).

O horario mínimo de prestación do servizo será o seguinte:

Rodas (Cíes):

- -Todos os días (laborables, fins de semana e festivos): de 11 a 20 horas (horarios aproximados en función dos horarios dos barcos que prestan este servizo).

Tombo do Gato, Samil, O Vao e Fortiñón:

Xuño e Setembro:

- -Días laborables: de 16 a 20 horas.
- -Fins de semana e festivos: de 11 a 20 horas.

• **Xullo e Agosto:**

- -Todos os días (laborables, fins de semana e festivos): de 11 a 20 horas.

A Punta, Argazada, Fontaiña e Canido.

Xuño e Setembro:

- -Días laborables: sen servizo
- -Fins de semana e festivos: de 11 a 20 horas.

Xullo e Agosto:

- -Días laborables: de 16 a 20 horas.
- -Fins de semana e festivos: de 11 a 20 horas.

Ademais, a entidade comprométese a aportar como mínimo un socorrista sanitario adicional en cada posto co fin de atender con eficacia a presumible afluencia de público o día que se celebre a exhibición aérea nos areais vigueses (19 de xullo).

A institución comprométese a incrementar un socorrista os fins de semana nas praias de Rodas, Samil, e O Vao.

SÉTIMO: Equipamento

Todo persoal destinado ao servizo deberá ir uniformado e identificado con claridade o servizo que presta, estando a Cruz Vermella obrigada a dotar e repoñer o equipamento coa dilixencia e periodicidade precisa para cada socorrista.

Como mínimo o equipamento de cada traballador/a será:

- 2 Unidades de camiseta ou polo.
- 2 Unidades de bañador tipo bermuda.
- 1 Unidade de “anorak” ou prenda de abrigo.
- 1 par de aletas de rescate.
- 1 Flopi, tubo de rescate ou “MARPA”.
- 1 Gorra identificativa.
- Lentes de sol.

Silbato

A vestimenta deberase utilizar de xeito adecuado de cara a aportar unha boa imaxe ós usuarios, quedando prohibido o uso da mesma fora do horario do servizo.

OITAVA: Medios materiais nos postos de vixilancia

A Cruz Vermella dotará a cada posto dos medios necesarios para levar a cabo correctamente o servizo, sendo a dotación mínima de cada posto a que segue:

- -Prismáticos.
- -Emisora portátil de VHF coa respectiva funda estanca (1 por torre e 1 por patrulla).
- -Manta térmica.
- -Botiquín de primeiros auxilios co contido mínimo estipulado no anexo III.

O Concello de Vigo fixará os postos de prestación do servizo de salvamento, dotando cada un deles de torres de vixilancia cun toldo de lona identificativo e un mástil para o izado das bandeiras de sinalización coa seguinte distribución mínima:

Areais	Nºpostos
Rodas	1
O Vao	1

Areais	Nºpostos
Tombo do Gato	1
Fortiñón	1

Areais	Nºpostos
Samil	2
A punta	1

Argazada	1	Fontaiña	1	Canido	1
----------	---	----------	---	--------	---

O transporte e instalación das devanditas torres correrá a cargo do Concello de Vigo.

A Cruz Vermella comprométese a:

- -Poñer a disposición do servizo de socorrismo os postos base que a entidade ten actualmente como centrais operativas nos areas.
- -Dotar ao servizo de socorrismo dunha central operativa que coordine todo o dispositivo de comunicacións.
- -Proporcionar taboleiros espiñais de inmovilización acuática para as praias de Samil, O Vao e Fortiñón.
- -Aportar para cada un dos postos de socorrismo dun maletín portátil de oxigenoterapia (“OXIVAC”).
- -Realizar prácticas e simulacros para a formación complementaria do persoal contratado.
- -Dotar a cada socorrista dun botiquín portátil de intervención rápida, ademais do botiquín de PPAA previsto no convenio.

NOVENA: Achega dineraria.

A fin de sufragar os gastos necesarios nos que a Cruz Vermella Española deberá incurrir para a organización e prestación do servizo, o Concello de Vigo achegará á mesma a cantidade de 191.448.26 € (Cento noventa e un catrocentos corenta e oito con vinte e seis céntimos de euros), IVE incluído, segundo se especifica no anexo I, con cargo á partida núm. 453.3.227.01.00, da Concellería de Medioambiente para o ano 2009.

O pagamento realizarase contra presentación mensual da correspondente factura expresiva do importe proporcional dos gastos necesarios, acompañando memoria descritiva das actividades realizadas durante o período, e tralo informe de conformidade do servizo de Medioambiente.

A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

Para formalizar o último pagamento, a entidade deberá presentar ao Concello de Vigo unha memoria completa da actividade realizada durante o período estival, con descrición dos servizos realizados, estatísticas, actividades desenvolvidas, incidencias, etc.

A Cruz Vermella Española, en relación co persoal que destine a prestación do servizo, estará obrigada ó cumprimento da lexislación aplicable en materia de voluntariado, laboral e de seguridade social. O persoal asignado para realizar este servizo dependerá única e

exclusivamente da Cruz Vermella, non tendo relación ou dependencia laboral algunha co Concello de Vigo.

DÉCIMA: Comisión de vixilancia e control.

Créase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio que estará formada por parte do Concello de Vigo por:

- *O Concelleiro-delegado de Medioambiente ou persoa en quen delegue.*
- *Xefe do Servizo de Medioambiente.*
- *Un representante de Protección Civil do Concello.*

Por parte da Cruz Vermella:

- *O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.*
- *coordinador xeral da Asemblea Comarcal.*
- *responsable do servizo de areas.*

Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto de interpretación como do cumprimento e aplicación do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA: Prazo de duración do convenio.

O presente convenio de colaboración producira os seus efectos desde o día 13 de xuño de 2009 até o día 30 de setembro de 2009.

DÉCIMO SEGUNDA: Submisión aos xulgados de Vigo.

Para resolver calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio que non se poida resolver pola Comisión Paritaria, ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdición e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio fuero se o tiveren.

DÉCIMO TERCEIRA: Protección de datos de carácter persoal.

Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométense a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

*O alcalde-presidente do
Concello de Vigo*

Abel Caballero Alvarez

*A presidenta do Comité Comarcal
da Cruz Vermella Española*

M^a Teresa Alvarez Quicler

ANEXO I -ORZAMENTO DESGLOSADO

<i>RESUMEN DE GASTOS</i>	
<i>Recursos humanas</i>	129.168,17 €
<i>Uniformidade e E P I</i>	5.800 €
<i>Material Sanitario e Farmacia</i>	2.250 €
<i>Outros materiais (aletas, prismáticos, tubos, ..)</i>	6.350 €
<i>Comunicacions e telefonia</i>	5.650 €
<i>Seguros</i>	3.132,97 €
<i>Outros</i> (alquileres, partes, ...)	informática, 1.893,35 €
<i>Xestión 7%</i>	10.797,11 €
<i>I.V.A. (16%)</i>	26.406,66 €
TOTAL	191.448,26 €

ANEXO II -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

<i>AREAIS</i>	<i>XUÑO E SETEMBRO</i>		<i>XULLO E AGOSTO</i>	
	<i>Días laborais</i>	<i>F/S e festivos</i>	<i>Días laborais</i>	<i>F/S e festivos</i>
<i>Rodas (Cíes)</i>	<i>De 12 a 20 horas (Do primeiro barco ó último)*</i>			
<i>Tombo do Gato Samil O Vao Fortiñón</i>	<i>De 16 a 20 horas</i>	<i>De 11 a 20 horas</i>	<i>De 11 a 20 horas</i>	
<i>A punta Argazada Fontaiña Canido</i>	<i>Sen servizo</i>	<i>De 11 a 20 horas</i>	<i>De 11 a 20 horas</i>	<i>De 11 a 20 horas</i>

**HORARIOS APROXIMADOS EN FUNCIÓN DOS HORARIOS DOS BARCOS*

ANEXO III – CONTIDO MÍNIMO DO BOTIQUÍN DE PRIMEIROS AUXILIOS

- 5 xiringas 5 cc
- 5 xiringas 20 cc
- agullas para xiringas (3 de cada tamaño)
- 1 pinza curva
- 1 pinza disección
- 1 tesoura
- 4 vendas elásticas
- 10 unidades de soro fisiolóxico
- 10 lancetas estériles
- 12 paquetes de gasas estériles (de 5 ou 10 unidades)

- 1 paquetes de tiritas
- 1 paquete de tiras de aproximación
- 1 tubo “guedel” nos tres tamaños “estándar”
- 1 rolo de esparadrapo de papel
- 1 rolo de esparadrapo de tela
- 1 tubo de amoníaco sanitario para picaduras
- 1 tubo de “fenergán” pomada
- 1 tubo de “trombocíd” pomada
- 1 tubo de “silvederma” pomada
- 1 esponxa
- 1 manta térmica
- 1 povidona iodada normal
- 1 povidona iodada bucal
- 1 desinfectante con clorhexidina (para alérxicos ó iodo)
- 1 tubo de “calmatel” pomada
- 10 pares de guantes estériles de látex.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a anterior proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.